



## **BANDO**

### **LEMRADO AS OBRIGAS SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.**

**FAI SABER:**

Que segundo a normativa vixente, tanto ordenanzas municipais como normativa da Xunta de Galicia, **É OBRIGA** de tódolos cidadáns o **MANTER LIMPAS** de lixo, entullos e maleza as parcelas da súa propiedade que se encontren dentro da delimitación de solo de Núcleo Rural ou estean próximas a urbanizacións, edificacións illadas ou instalacións.

Así mesmo, os propietarios dos terreos que se encontren dentro das faixas secundarias de protección, e dicir, faixa perimetral o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, deberán manter as parcelas **LIBRE DE MALEZA e RAREAR e PODAR O ARBOLADO**, para que estean suficientemente separados entre si, nunha franxa perimetral de 50 metros. Segundo as delimitacións recollidas no **PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**. Dito Plan pódese consultar na páxina web do concello [www.pereiro.gal](http://www.pereiro.gal).

Nesa mesma faixa de protección, non poderá haber especies que favorezan a propagación do lume como **PIÑEIROS, EUCALIPTOS, ACACIAS, TOXOS, XESTAS, SILVAS.....**

Os danos que se poidan ocasionar nos bens ou propiedades dos lindeiros no caso de verse afectadas por incendios forestais, **SERÁ RESPONSABILIDADE DOS PROPIETARIOS DAS PARCELAS QUE NON CUMPLAN A NORMATIVA.**

Lémbrese tamén, que a administración pode repercutir os gastos de extinción dun incendio ás persoas responsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as mencionadas Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.

**Moitas grazas pola súa colaboración.**

O Pereiro de Aguiar, na data da firma electrónica

O alcalde. Luis Menor Pérez

